

**Convocatoria ordinaria 2026**  
**HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA**

O exame consta de **4 preguntas obrigatorias**: a 1 e a 3, de 3 puntos; a 2 e a 4, de 2 puntos. A primeira, con resposta única aberta; a segunda, a terceira e a cuarta, con posibilidade de elección.

**CONTEXTO:**

Como actividade para a materia de Historia da Música e da Danza ten que realizar vostede **unha presentación** para o grupo de clase, na que explique un **estilo musical** histórico. Para isto deberá apoiarse en materiais documentais, como textos e imaxes que identifiquen o xénero e o contextualicen histórica, estilística e socialmente. Este é o texto e a imaxe que vai utilizar neste caso:

No actual período da produción musical española ocorre un fenómeno por demais curioso e interesante. Nunca como agora demostraron os compositores españois unha convicción máis profundamente nacional, e, con todo, agora precisamente é cando unha parte da crítica os acusa de traizón a eses mesmos principios.

Pero hai algo aínda máis digno de consignarse e é que os modelos que eses acusadores nos convidan a acatar como intanxibles son, salvo rarísimas excepcións, produto da imitación estranxeira máis palpable que podemos atopar en toda a historia da arte europea. Refírome, ou mellor dito, refírense á nosa chamada Zarzuela grande, a que, como calquera pode comprobar con pouquísimo traballo, non é máis ca un calco da ópera italiana en boga durante a época en que esas obras se produciron (...). Barbieri, no seu desexo de nacionalizar a nosa música, rompeu con aquela maneira de proceder e *El Barberillo de Lavapiés* e *Pan y toros* son probas ilustres de tan nobre empeño. Pero aínda nestas obras de carácter sinceramente nacional, os procedementos musicais de que se serviu o mestre deixan raramente de estar influídos polos italianos ao uso.

(...) Moitas desas obras perdurarán como timbres gloriosos da arte española e a súa graza melódica será dificilmente superada polos nosos compositores do presente e do porvir. Pero disto a declarar que o condimento —chamémolo así— con que se aderezaron esas obras é puramente nacional..., hai un abismo, como dixo o outro.

Está claro que as cancións baseadas totalmente na modalidade maior ou menor (a xota e a seguidilla, por exemplo) conservan integramente naquelas obras o seu carácter nacional; pero..., non só de seguidillas e de xotas se compón o noso tesouro popular non é verdade? Ademais, quen poderá convencernos de que os ritmos do chotis, do valse ou da mazurca, que tanto abundan nesas producións, son españois?

(...) Penso modestamente que no canto popular importa máis o espírito ca a letra. O ritmo, a modalidade e os intervalos melódicos, que determinan as súas ondulacións e as súas cadencias, constitúen o esencial deses cantos, e o pobo mesmo dáns proba diso ao variar de modo infinito as liñas puramente melódicas das súas cancións. Aínda direi máis: o acompañamento rítmico ou harmónico dunha canción popular ten tanta importancia coma a canción mesma. Hai que tomar a inspiración, por tanto, directamente do pobo, e quen non o entenda así só conseguirá facer da súa obra un remedo máis ou menos enxeñoso do que se propoña realizar.



### **PREGUNTA 1. PERCEPCIÓN VISUAL E AUDITIVA / CONTEXTOS DE CREACIÓN. (3 puntos)**

A partir do texto e da imaxe propostas, prepare un texto escrito no que explique o estilo escollido para a presentación. A estrutura do texto será como segue: unha introdución, onde defina o estilo; un comentario, onde sintetice dúas ideas principais que estean no texto e/ou relacionadas coa ilustración; unha conclusión, onde sitúe cronolóxica e xeograficamente o estilo tratado, relacionándoo con outros elementos do contexto histórico e social. Extensión máxima: 400 palabras (2 páxinas).

### **PREGUNTA 2. EXPERIMENTACIÓN ACTIVA. (2 puntos)**

A presentación preparada anteriormente require ser seguida dun **exemplo musical**. Para isto pode utilizar unha obra que vostede coñeza ou ben pode escoller unha de entre estas tres: a) M. de Falla. *Jota* (nº 4), das Siete Canciones Españolas; b) J. Bal y Gay. *Allegro*, 3º mov. do Concerto Grosso; c) J. B. Lully. *Ouverture*, do Ballet de la Nuit. Debe xustificar a súa elección, atendendo ao estilo, cronoloxía, función social da obra, así como a calquera outro aspecto que considere pertinente.

### **PREGUNTA 3. CONTEXTOS DE CREACIÓN / INVESTIGACIÓN, OPINIÓN CRÍTICA E DIFUSIÓN. (3 puntos)**

Unha vez realizadas varias presentacións na clase, a profesora propón varios temas que non foron tratados aínda. Os temas son os seguintes: a) A Primeira Escola de Viena; b) A música no Renacemento en España; c) O Impresionismo na música para piano. A vostede pídeselle que escolla un destes temas e seleccione **dúas obras musicais** para ilustrar ese tema. Xustifique a súa elección en 100-150 palabras (media páxina).

### **PREGUNTA 4. CONTEXTOS DE CREACIÓN / INVESTIGACIÓN, OPINIÓN CRÍTICA E DIFUSIÓN. (2 puntos)**

Para completar as presentacións na clase, faise unha exposición con imaxes que ilustran algún aspecto da historia da danza.

**Escolla unha de entre as dúas imaxes que seguen e conteste as preguntas que se fan sobre ela, debaixo da mesma.**



#### **4.1. Responda estes dous subapartados: (2 puntos)**

**4.1.1.** Identifique a cronoloxía e o contexto histórico da imaxe.

**4.1.2.** Comente a función da danza nese contexto.

#### **4.2. Responda estes dous subapartados: (2 puntos)**

**4.2.1.** Identifique a cronoloxía e o estilo da danza representado na imaxe.

**4.2.2.** Indique o nome dalgúns ou algunhas dos ou das protagonistas da danza dese estilo e momento histórico: compañías, coreógrafos, bailaríns.

**Convocatoria ordinaria 2026**  
**HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA**

El examen consta de **4 preguntas obligatorias**: la 1 y la 3, de 3 puntos; la 2 y la 4, de 2 puntos. La primera, con respuesta única abierta; la segunda, la tercera y la cuarta, con posibilidad de elección.

**CONTEXTO:**

Como actividad para la materia de Historia de la Música y de la Danza tiene que realizar usted una **presentación** para el grupo de clase, en la que explique un **estilo musical** histórico. Para ello deberá apoyarse en materiales documentales, como textos e imágenes que identifiquen el género y lo contextualicen histórica, estilística y socialmente. Este es el texto y la imagen que va a utilizar en este caso:

En el actual periodo de la producción musical española ocurre un fenómeno por demás curioso e interesante. Nunca como ahora han demostrado los compositores españoles una convicción más profundamente nacional, y, sin embargo, ahora precisamente es cuando una parte de la crítica les acusa de traición a esos mismos principios.

Pero hay algo todavía más digno de consignarse, y es que los modelos que esos acusadores nos invitan a acatar como intangibles son, salvo rarísimas excepciones, producto de la imitación extranjera más palpable que podemos encontrar en toda la historia del arte europeo. Me refiero, o mejor dicho, se refieren a nuestra llamada Zarzuela *grande*, la que, como cualquiera puede comprobar con poquísimos trabajos, no es más que un calco de la ópera italiana en boga durante la época en que esas obras se produjeron (...). Barbieri, en su deseo de nacionalizar nuestra música, rompió con aquella manera de proceder, y *El barberillo de Lavapiés* y *Pan y toros* son pruebas ilustres de tan noble empeño. Pero aún en estas obras de carácter sinceramente nacional, los procedimientos musicales de que se sirvió el maestro dejan raramente de estar influidos por los italianos al uso.

(...) Muchas de esas obras perdurarán como timbres gloriosos del arte español, y su gracia melódica será difícilmente sobrepujada por nuestros compositores del presente y del porvenir. Pero de esto a declarar que el condimento -llamémosle así- con que se aderezaron esas obras es puramente nacional..., hay un abismo, como dijo el otro.

Claro está que las canciones basadas totalmente en la modalidad mayor o menor (la jota y la seguidilla, por ejemplo) conservan íntegramente en aquellas obras su carácter nacional; pero..., no solo de seguidillas y de jotas se compone nuestro tesoro popular ¿no es verdad? Además, ¿quién podrá convencernos de que los ritmos del chotis, del vals o de la mazurca, que tanto abundan en esas producciones, son españoles?

(...) Pienso modestamente que en el canto popular importa más el *espíritu* que la *letra*. El ritmo, la modalidad y los intervalos melódicos, que determinan sus ondulaciones y sus cadencias, constituyen lo esencial de esos cantos, y el pueblo mismo nos da prueba de ello al variar de modo infinito las líneas puramente melódicas de sus canciones. Aún diré más: el acompañamiento rítmico o armónico de una canción popular tiene tanta importancia como la canción misma. Hay que tomar la inspiración, por lo tanto, directamente del pueblo, y quien no lo entienda así solo conseguirá hacer de su obra un remedo más o menos ingenioso de lo que se proponga realizar.



### **PREGUNTA 1. PERCEPCIÓN VISUAL Y AUDITIVA / CONTEXTOS DE CREACIÓN. (3 puntos)**

A partir del texto y la imagen propuestas, prepare un texto escrito en el que explique el estilo escogido para la presentación. La estructura del texto será cómo sigue: una introducción, donde defina el estilo; un comentario, donde sintetice dos ideas principales que estén en el texto y/o relacionadas con la ilustración; una conclusión, donde sitúe cronológica y geográficamente el estilo tratado, relacionándolo con otros elementos del contexto histórico y social. Extensión máxima: 400 palabras (2 páginas).

### **PREGUNTA 2. EXPERIMENTACIÓN ACTIVA. (2 puntos)**

La presentación preparada anteriormente, requiere ser seguida de un **ejemplo musical**. Para ello puede utilizar una obra que usted conozca, o bien puede escoger una de entre estas tres: a) M. de Falla. *Jota* (nº 4), de las Siete Canciones Españolas; b) J. Bal y Gay. *Allegro*, 3º mov. del Concerto Grosso; c) J. B. Lully. *Ouverture*, del Ballet de la Nuit. Debe justificar su elección, atendiendo al estilo, cronología, función social de la obra, así como a cualquier otro aspecto que considere pertinente.

### **PREGUNTA 3. CONTEXTOS DE CREACIÓN / INVESTIGACIÓN, OPINIÓN CRÍTICA Y DIFUSIÓN. (3 puntos)**

Una vez realizadas varias presentaciones en la clase, la profesora propone varios temas que no fueron tratados aún. Los temas son los siguientes: a) La Primera Escuela de Viena; b) La música en el Renacimiento en España; c) El Impresionismo en la música para piano. A usted se le pide que escoja uno de estos temas, y seleccione **dos obras musicales** para ilustrar ese tema. Justifique su elección en 100-150 palabras (media página).

### **PREGUNTA 4. CONTEXTOS DE CREACIÓN / INVESTIGACIÓN, OPINIÓN CRÍTICA Y DIFUSIÓN. (2 puntos)**

Para completar las presentaciones en la clase, se hace una exposición con imágenes que ilustran algún aspecto de la historia de la danza.

**Escoja una de entre las dos imágenes que siguen**, y conteste a las preguntas que se hacen sobre ella, debajo de la misma.



#### **4.1. Responda estos dos subapartados: (2 puntos)**

**4.1.1.** Identifique la cronología y el contexto histórico de la imagen.

**4.1.2.** Comente la función de la danza en ese contexto.



#### **4.2. Responda estos dos subapartados: (2 puntos)**

**4.2.1.** Identifique la cronología y el estilo de la danza representado en la imagen.

**4.2.2.** Indique el nombre de algunos o algunas de los y las protagonistas de la danza de ese estilo y momento histórico: compañías, coreógrafos, bailarines.